PROGRAMACIÓN DOCENTE
ÁREA: CIENCIAS DA NATUREZA
CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

COLEGIO: VIRXE MILAGROSA
AÑO ACADÉMICO: 2022/2023
MAESTRA: MARIA CONSUELO RODAS DURÁN

ÍNDICE:

1. Introdución e contextualización
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave
3. Concreción dos obxectivos de Educación Primaria
4. Concreción dos obxectivos por curso
5. Concreción dos estándares de aprendizaxe
6. Concreción dos contidos
7. Metodoloxía didáctica
8. Materiais e recursos didácticos
9. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e promoción
10. Procedementos para realizar a avaliación inicial
11. Medidas de apoio e reforzo educativo
12. Concreción dos elementos transversais
13. Actividades complementarias e extraescolares

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

INTRODUCIÓN:

Esta programación nos axudará a preparar, desenvolver e avaliar a acción educativa. Neste instrumento específico de planificación están reflexados o desenvolvemento e avaliación de cada un dos aspectos do currículo, na que se concretan os obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliables, a metodoloxía e os criterios de avaliación.
Esta programación atende á necesaria coordinación entre os cursos que compoñen o ciclo, así como as diferentes áreas que o integran.

Ao elaborar esta programación tiven en conta:

- **Os seguintes documentos lexislativos, entre outros:**

  - Lei Orgánica 8 de 2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
  - Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo cal se establece e ordena o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 22 de maio de 2022, polo cal se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023 na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Instrucións do 26 de maio do 2022, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2022-2023, nos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación de Educación Primaria
  - Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

- **Os seguintes aspectos:**

  ✓ O ámbito pedagóxico do Proxecto educativo (PE).
  ✓ Todos os elementos definidos na Concreción Curricular (obxectivos, contidos,recursos…).
  ✓ As condicións nas que se leva a cabo a aprendizaxe (necesidades do alumnado, recursos do centro…).

  ✓ A atención á diversidade, inclusión dentro das aulas

CONTEXTUALIZACIÓN:

A seguinte programación vai dirixida a un total de 25 alumnos de cuarto de Educación Primaria.

No caso do curso de cuarto, o alumnado cursou o anterior ciclo da Educación Primaria neste mesmo centro; sen embargo, o grupo amosa certo grado de heteroxeneidade a nivel académico, o que fai que teñamos que revisar con frecuencia as estratexias metodolóxicas e outros puntos importantes do currículo.

Constando, tan só dunha liña, o colexio Virxe Milagrosa, privado concertado,pertencente á Fundación Educere de Centros de Ensino conta con tres aulas de Infantil; seis de Primaria; catro da ESO; aula de apoio,aula, aula de plástica; aula de informática; laboratorio; biblioteca; ximnasio; salón de actos; sala de Mestres; xefatura de estudios; secretaría; dirección;dous patios, un deles congradas; e unha aula de Educación Especial.

En Bueu, un pobo costeiro de 13.000 habitantes, está situado o noso colexio Virxe Milagrosa. A céntrica e privilexiada situación do centro fai que o colexio manteña unha boa comunicación cara os seus habitantes.

Os aspectos socioeconómicos de Bueu xiran, na súa maioría, arredor da pesca de litoral e altura, o pequeno comercio e a pequena industria.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVIMIENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

As competencias clave do currículo son as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).

2. Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

3. Competencia dixital (CD).

4. Aprender a aprender (CAA).

5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE).

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Se potenciará o desenvolvemento das Competencias básicas ou disciplinares (Comunicación lingüística, Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía), aínda que tamén se atenderá ó resto de Competencias Clave de tratamento transversal.

DESCRIPCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

- A Competencia en comunicación lingüística (CCL), é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

- O compoñente socio-cultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

- O compoñente estratéxico permite ao individuo superar dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

- Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe un compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os rasgos de personalidade.

- A Competencia matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT), inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida.

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sostibilidade do benestar social esixe conductas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A todo isto contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

a) A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.
Para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álxebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e a interacción responsable con el dende accións, tanto individuais como colectivas, orientadas a conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen a adquisición de coñecementos, o contrastar ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resulta necesario abordar os saberes ou coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía, os cales se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas.

- A Competencia Dixital (CD) é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxes, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.
  Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de

coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital.
Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar: a información, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas.

- A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.
  Esta competencia se caracteriza pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender, e en segundo lugar, o fomento da organización e a xestión da aprendizaxe.
  Para o adecuado desenvolvemento da competencia de aprender a aprender se require dunha reflexión que favoreza un coñecemento dos procesos mentais que se entregan as persoais cando aprenden, un coñecemento sobre os propios procesos da aprendizaxe, así como o desenvolvemento da destreza de regular e controlar a propia aprendizaxe que se leva a cabo.

- As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade (entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa), para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez mais diversificados para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme as normas baseadas no respecto mutuo e en convicción democráticas. Ademais de incluír acciones a un nivel mais preto e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

a) A competencia social se relaciona co benestar persoal e colectivo.

b) A competencia cívica se basea no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

Adquirir estas competencias supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferencias, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros; é dicir, aunar o individual e o social, o privado e o público en pos de solucións construtivas dos conflitos e problemas da sociedade democrática.

- A competencia Sentido de Iniciativa e Espíritu Emprendedor (SIE), implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar:

- A capacidade creadora e de innovación.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos.
- A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incertidume.
- As cualidades de liderazgo e traballo individual e en equipo.
- Sentido crítico e da responsabilidade.

- A Competencia en Conciencia e Expresión Cultural (CCEC), implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar:

- O coñecemento, estudio e comprensión dos distintos estilos artísticos e das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico.
- A aprendizaxe das técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas.
- A capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos.
- O interese, aprecio, respecto, desfrute e valoración crítica das obras artísticas e culturais.
- A promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade.
- O desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para a creación de calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan a realización de traballos colectivos.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA:

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

As plantas, uns seres vivos esenciais

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. **Identificar e describir as características dos seres vivos, distinguindo as características esenciais de cada un dos cinco reinos.** 2. **Coñecer e explicar as características e funcións vitais das plantas como seres vivos.** 3. **Coñecer e aplicar criterios para a clasificación das plantas.** 4. **Identificar e describir as funcións de nutrición e reprodución das plantas.** 5. **Observar diversos tipos de plantas, directa ou indirectamente, utilizando os instrumentos apropiados e a través do uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos.** 6. **Aplicar procedementos propios do traballo científico, como a observación e a recollida e análise de datos.**	**Comunicación lingüística** (Obxectivos 1, 2, 3 e 4) **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3, 4, 5 e 6) **Aprender a aprender** (Obxectivos 1, 3, 5 e 6) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (Obxectivos 5 e 6) **Competencias sociais e cívicas** (Obxectivos 2, 4, 5 e 6) **Competencia dixital** (Obxectivos 2, 4 e 5)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
B. 3. Os seres vivos	**A materia inerte e os seres vivos. Os cinco reinos**	1. Identificar, describir e diferenciar as características máis representativas dos cinco reinos dos seres vivos	1.1. Observa, identifica e recoñece características básicas dos seres vivos, e clasifica os animais en relación co reino ao que pertencen. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)**	• Describe e diferencia as características que definen os seres vivos fronte aos obxectos inertes.
	O reino das plantas: características	2. Explica as características diferenciais das plantas como seres vivos.	Observa, identifica e describe as estruturas principais de distintos tipos de especies vexetais: follas, flores, talos e raíces. Valora a importancia das plantas para a vida. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)**	• Analiza as características estruturais das plantas, identificando e describindo as súas funcións coas súas partes correspondentes • Explica a importancia das plantas para a vida na Terra e a súa utilidade para a humanidade.
	Clasificación das plantas	3. Coñecer e aplicar criterios científicos para a clasificación das plantas.	Recoñece e identifica as características morfolóxicas e funcionaisque permiten clasificardistintos grupos vexetais. Clasifica e describe plantas en relación coas súas funcións vitais. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Reflexiona sobre que criterios utilizar para a clasificación de plantas. • Organiza e utiliza categorías para a clasificación de distintos tipos de plantas en base a criterios dados, e describe os resultados destas clasificacións.

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
B3. Os seres vivos	**A nutrición das plantas** **A fotosíntese**	4. Explicar a nutrición das plantas.	Explica a nutrición das plantas. Explica a importancia da fotosíntese. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Explica o proceso de alimentación das plantas, identificando as substancias que necesitan na súa nutrición. • Xustifica o papel da luz no proceso da fotosíntese.
	A reprodución das plantas	5. Explicar a reprodución das plantas.	5.1. Explica a reprodución das plantas, identificando a polinización e a xerminación. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)**	• Describe a función e proceso da polinización e que é a xerminación. • Identifica os órganos reprodutores das plantas, describindo as partes da flor, o froito e as súas funcións.
	Interese pola observación e o estudo de todos os seres vivos	6. Mostrar interese pola observación e o estudo das plantas.	6.1. Mostra interese pola observación e o estudo dos seres vivos. **(Competencia matemática, Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, Aprender a aprender)**	• Elabora e describe un experimento para estudar a importancia da terra e a contaminación na alimentación das plantas.
B1. Iniciación á actividade científica	**Iniciación á actividade científica**	7. Integrar datos procedentes da observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicar os resultados.	Recolle mostras, analiza especies vexetais e comunica as súas observacións. Busca, selecciona, organiza e analiza información relevante, represéntaa e extrae conclusións. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Analiza debuxos e fotografías, elabora esquemas e táboas • Recolle o resultado dun experimento sobre o papel da luz no crecemento das plantas. • Pon en práctica sinxelas técnicas de cultivo de sementes.

	Observación directa e indirecta de plantas a través do uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos **Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros)** **Traballo individual e en grupos** **Uso das tecnoloxías da información e a comunicación**	8. Comunicar de forma escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.	8.1. Elabora textos explicativos para comunicar o resultado da súa investigación, presentándoos de maneira ordenada e limpa. **(Comunicación lingüística)**	• Elabora un resumo a partir da información dun esquema.
		9. Traballar de forma cooperativa facendo un uso adecuado dos materiais.	9.1. Utiliza estratexias para realizar traballos individuais e en equipo. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Traballa de forma cooperativa e flexible nun equipo.
		10. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	10.1. Usa o ordenador para o desenvolvemento da área de Ciencias da Natureza. **(Competencia dixital)**	• Utiliza as TIC como ferramenta de aprendizaxe e autoavaliación.

Moitos reinos comparten o medio

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. **Identificar e describir as características dos animais entre o conxunto dos seres vivos.** 2. **Coñecer e aplicar criterios para a clasificación dos animais invertebrados.** 3. **Coñecer e aplicar criterios para a clasificación dos animais vertebrados.** 4. **Comprender a importancia dos ecosistemas e o papel das relacións entre os seres vivos no equilibrio ecolóxico.** 5. **Aplicar procedementos propios do traballo científico, como a observación e a recollida e análise de datos.**	**Comunicación lingüística** (Obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5) **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5) **Aprender a aprender** (Obxectivos 2, 3 e 5) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (Obxectivos 4 e 5) **Competencia dixital** (Obxectivos 1, 4 e 5)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES / INDICADORES
B. 3. Os seres vivos	**O reino dos animais: características. Vertebrados e invertebrados** **Clasificación de invertebrados** **Os vertebrados. Clasificación** **Os outros reinos** **Os seres vivos e o medio: concepto de ecosistema Elementos** **Equilibrio ecolóxico**	1. Coñecer e aplicar criterios científicos para clasificar os seres vivos do reino animal.	1.1. Identifica e describe a estrutura e características de distintos tipos de animais.	• Identifica as características comúns e diferenciais entre distintos tipos de animais.
		2. Diferenciar as categorías de animais invertebrados.	2.1. Compara e clasifica diferentes invertebrados segundo criterios dados. **(Aprender a aprender)**	• Identifica, describe e clasifica animais invertebrados utilizando diversos medios e recursos.
		3. Observar, enumerar e describir as características dos animais vertebrados.	Identifica, describe e clasifica os animais vertebrados segundocriterios establecidos. Explica as funcións vitais dos principais grupos de animais vertebrados **(Aprender a aprender)**	• Identifica e describe as características dos vertebrados, clasificándoos nos grupos aos que pertencen
		4. Analizar a acción dos seres vivos nos ecosistemas, valorando a importancia destes para o mantemento do equilibrio ecolóxico.	Identifica e describe os elementos de ecosistemas do seu contorno e algunhas actuacións para o seu coidado. **(Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)** Identifica e clasifica seres vivos, utilizando medios diversos e describindo a súa acción nos ecosistemas aos que pertencen.	• Explica que é o medio físico, enumera e describe os elementos dun ecosistema, e xustifica accións para o seu coidado • Clasifica e describe seres vivos de diferentes reinos nos seus propios ecosistemas.

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES
B. 3. Os seres vivos				• Recoñece instrumentos para o estudo de diversos seres vivos.
	Os seres vivos e o medio. Relacións alimentarias e outras relacións	5. Analizar as diferentes relacións que establecen os seres vivos nos ecosistemas.	5.1. Identifica e explica as relacións entre os seres vivos, recoñecendo que é a cadea alimentaria. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, Comunicación lingüística)**	• Explica as relacións nun ecosistema, e enumera os elementos dunha cadea alimentaria
	Interese pola observación e o estudo do medio físico	6. Mostrar interese pola observación e o estudo dos ecosistemas e as súas interaccións.	6.1. Mostra interese pola observación e o estudo dos seres vivos ns ecosistemas. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Manifesta interese e curiosidade polo estudo dos ecosistemas.
B. 1. Iniciación á actividade científica	**Iniciación á actividade científica** **Observación directa e indirecta de ecosistemas a través do uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos** **Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros)**	7. Integrar datos procedentes da observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas.	7.1. Observa ecosistemas e seres vivos, facendo uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos; recolle información e utilízaa para analizar e comunicar as súas observacións. 7.2. Utiliza de maneira adecuada o vocabulario correspondente a cada un dos contidos. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Analiza debuxos e fotografías de ecosistemas e seres vivos, identificando os grupos aos que pertencen. • Utiliza a lupa para o estudo da acción das bacterias. • Busca información no seu libro de texto para dar resposta ás cuestións formuladas.
	Traballo individual e en grupos **Uso das tecnoloxías da información e a comunicación**	8. Comunicar os resultados utilizando apoios gráficos.	8.1. Elabora esquemas, gráficos e textos explicativos para comunicar a súa investigación e presenta os traballos de maneira ordenada e limpa en soporte papel. **(Comunicación lingüística)**	• Utiliza a información extraída e redacta sinxelos informes coas súas observacións.

		9. Traballar de forma cooperativa facendo un uso adecuado dos materiais.	9.1 Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo. **(Aprender a aprender e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Traballa de forma cooperativa e flexible nun equipo.
		10. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	10.1. Usa o ordenador para o desenvolvemento da área de Ciencias da Natureza. **(Competencia dixital)**	• Utiliza as TIC como ferramenta de aprendizaxe e autoavaliación. Actividades interactivas en

A relación e a saúde

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. **Identificar a función de relación no ser humano.** 2. **Coñecer as características e funcionamento dos sentidos.** 3. **Coñecer a composición do sistema nervioso e do sistema locomotor** 4. **Coñecer e adoptar pautas para un coidado saudable do propio corpo.** 5. **Identificar e describir sentimentos propios e alleos, reflexionando sobre eles para mellorar a súa saúde emocional.** 6. **Aplicar procedementos propios do traballo científico como a observación e a recollida e análise de datos.**	**Comunicación lingüística** (Obxectivos 1, 2 e 3) **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3, 4, 5 e 6) **Aprender a aprender** (Obxectivos 4, 5 e 6) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (Obxectivos 1, 4 e 5) **Competencias sociais e cívicas** (Obxectivos 5 e 6) **Competencia dixital** (Obxectivos 2 e 3)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
B.2. O ser humano e a saúde	**A Función de Relación e os sentidos**	1. Explicar a función de relación e o papel dos sentidos respecto a esta.	1.1. Identifica e describe a función de relación no ser humano, e o papel fundamental que xogan os sentidos nela. **(Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Explica a función de relación e identifica as etapas da vida humana; relaciona os sentidos coa información que cada un transmite.
	Os órganos dos sentidos	2. Identificar e explicar os sentidos, os seus órganos, as súas partes e o seu funcionamento.	2.1. Describe os sentidos e o seu funcionamento básico, e xustifica a súa importancia na relación do home co seu contorno. **(Comunicación lingüística)**	• Relaciona os sentidos e os seus órganos, describindo as partes destes. • Explica o funcionamento dos sentidos e das súas partes
	Locomotor	3. Identificar a composición e funcionamento do sistema nervioso e a súa interacción co sistema locomotor na función de relación.	3.1. Identifica e localiza as partes fundamentais do sistema locomotor e do sistema nervioso, explicando o seu funcionamento. **(Comunicación lingüística)**	• Describe as partes e o funcionamento do sistema nervioso en relación co sistema locomotor. • Identifica, enumera e describe os principais ósos, músculos e articulacións e as súas funcións correspondentes.

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
B.2. O ser humano e a saúde	**A función de relación e a saúde**	4. Relacionar e adoptar hábitos de coidado do propio corpo desde a perspectiva de vida saudable.	4.1. Identifica hábitos e actitudes positivas para un coidado saudable do propio corpo. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Analiza situacións relacionadas co coidado do corpo e os sentidos, discriminando accións positivas e negativas para unha vida saudable.
	Recoñecemento de emocións e sentimentos	5. Identificar e describir sentimentos e emocións propios e noutras persoas, elaborando pautas persoais de relación saudable.	5.1. Identifica e describe emocións e sentimentos en si mesmo e os demais, elaborando pautas para comportamentos positivos nas súas relacións co medio. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, Competencias sociais e cívicas)**	• Analiza expresións faciais e corporais, relacionándoas con emocións e sentimentos para unha expresión positiva das emocións
	Interese polo estudo dos seres vivos	6. Mostrar interese pola observación e o estudo da función de relación nos seres humanos.	6.1. Mostra interese polo estudo das respostas emocionais das persoas. **(Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas)**	• Manifesta interese por coñecer as reaccións emocionais das persoas.
	Iniciación á actividade científica **Observación directa e indirecta de partes dos órganos dos sentidos e do corpo humano a través do uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos**	7. Integrar datos procedentes da observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicar os resultados.	Observa directamente, fai uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos; recolle información e utilízaa para identificar e clasificar partes dos órganos dos sentidos. **(Aprender a aprender)** Busca, selecciona, analiza e organiza información concreta e relevante, represéntaa e extrae conclusións. **(Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Analiza debuxos e fotografías de órganos e partes do corpo e identifica o sentido ao que pertencen**.** • Elabora un código para representar os resultados dun experimento. • Busca información no seu libro de texto para dar resposta ás cuestións propostas.
	Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros)	8. Comunicar de forma escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.	Utiliza de maneira adecuada o vocabulario correspondente a cada undos contidos. **(Comunicación lingüística)** Elabora textos explicativos para comunicar o resultado da súa investigación e presenta os traballos de maneira	• Elabora un resumo a partir da información extraída dun esquema. • Elabora fichas para describir emocións e sentimentos.

	Traballo individual e en grupos		ordenada e limpa en soporte papel.	
		9. Traballar de forma cooperativa facendo un uso adecuado dos materiais.	9.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo.	• Traballa de forma cooperativa e flexible nun equipo.
	Uso das tecnoloxías da información e a comunicación	10. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	10.1. Usa o ordenador para o desenvolvemento da área de Ciencias da Natureza. **(Competencia dixital)**	• Utiliza as TIC como ferramenta de aprendizaxe e autoavaliación.

A nutrición e a saúde

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. Identificar a función de nutrición no ser humano. 2. Coñecer as características do proceso de dixestión e o aparato dixestivo. 3. Coñecer a función que desempeñan os procesos respiratorio, circulatorio e excretor na función de nutrición. 4. Coñecer a importancia dunha adecuada proporción de nutrientes nunha dieta equilibrada. 5. Coñecer e adoptar pautas para un coidado saudable do propio corpo. 6. Aplicar procedementos propios do traballo científico, como a observación e a recollida e análise de datos.	**Comunicación lingüística** (Obxectivos 1, 2 e 3) **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5) **Aprender a aprender** (Obxectivos 2, 3, 4 e 5) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (Obxectivos 4, 5 e 6) **Competencia dixital** (Obxectivos 1, 2 e 3)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES
B. 2. O ser humano e a saúde	**A función de nutrición** **Aparatos que interveñen**	1. Explicar a función de nutrición e os aparatos que interveñen.	1.1. Identifica e describe as características da función de nutrición e os aparatos e sistemas que interveñen nela. **(Comunicación lingüística)** 1.2. Establece a distinción entre alimentos e nutrientes, recoñecendo as categorías de nutrientes.	• Explica a función de nutrición e indica os aparatos que interveñen nela e a función que realizan. • Diferencia entre alimentos e nutrientes, identificando os grupos de nutrientes.
	O aparato dixestivo **A dixestión**	2.Describir o proceso da dixestión e as funcións dos diferentes órganos que interveñen nela.	2.1. Identifica e explica as características do proceso de dixestión e dos órganos do aparato dixestivo e as súas funcións. **(Aprender a aprender, Comunicación lingüística)**	• Describe en que consiste o proceso da dixestión, e os órganos do aparato dixestivo, explicando a situación e función de cada un deles
	Outros aparatos que interveñen na nutrición	3. Describir os procesos e aparatos respiratorio, circulatorio e excretor, e as funcións dos diferentes órganos destes aparatos.	3.1. Identifica e explica as características e procesos dixestivo, respiratorio e excretor, explicando as funcións dos diferentes órganos que participan nestes procesos. **(Aprender a aprender, Comunicación lingüística)**	• Explica en que consisten os procesos de respiración, circulación e excreción e os órganos de cada un • Identifica e relaciona diferentes órganos, elementos e substancias cos procesos de nutrición nos que interveñen

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES
B. 2. O ser humano e a saúde	**A nutrición e a saúde** **Os nutrientes**	4. Analizar as características da dieta equilibrada, recoñecendo a importancia dunha achega proporcionada de nutrientes na alimentación diaria.	4.1. Diferencia e clasifica os nutrientes atendendo á función que realizan e asóciaos aos alimentos que os conteñen. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Observa e distingue alimentos saudables, identificando os tipos de nutrientes e as súas propiedades en diferentes exemplos de alimentos
	Prácticas saudables relacionadas coa nutrición	5. Recoñecer estilos de vida saudables e estratexias para a prevención de enfermidades relacionadas coa alimentación.	5.1. Recoñece estilos de vida saudables para unha alimentación respectuosa co propio corpo. **(Aprender a aprender)** 5.2. Elabora estratexias para a prevención de enfermidades relacionadas coa alimentación. **(Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Enumera prácticas saudables para unha alimentación saudable e coidadosa co propio corpo. • Estuda a estrutura e funcionamento da dentadura e reflexiona sobre os coidados necesarios para o seu correcto mantemento.
B. 1. Iniciación á actividade científica	**Iniciación á actividade científica**	6. Definir o obxecto de estudo, definir a mostra, elaborar as cuestións a estudar, realizar a enquisa, recompilar e organizar os datos e comunicar os resultados.	6.1. Busca, selecciona, analiza e organiza información concreta e relevante, represéntaa e extrae conclusións. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor e Competencia dixital)**	• Analiza esquemas e ilustracións sobre os temas a investigar • Recolle o resultado dun reconto sinxelo e represéntao nun soporte gráfico. • Busca información en diversas fontes para dar resposta ás cuestións formuladas.
	Facer unha enquisa **Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros)**	7. Comunicar de forma escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.	7.1. Utiliza de maneira adecuada o vocabulario correspondente a cada un dos contidos. **(Comunicación lingüística)** 72. Elabora textos explicativos para comunicar o resultado da súa investigación e presenta os traballos de maneira ordenada e limpa en soporte papel. **(Comunicación lingüística)**	• Elabora un resumo a partir da información extraída dun sinxelo experimento. • Elabora gráficos e esquemas sobre a estrutura dental e as medidas para o seu coidado.

	Traballo individual e en grupos	8. Traballar de forma cooperativa facendo un uso adecuado dos materiais.	8.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo. **(Aprender a aprender e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Traballa de forma cooperativa e flexible nun equipo.
	Uso das tecnoloxías da información e a comunicación	9. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	9.1. Usa o ordenador para o desenvolvemento da área de Ciencias da Natureza. **(Competencia dixital)**	• Utiliza as TIC como ferramenta de aprendizaxe e autoavaliación.

A materia e as máquinas

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. **Coñecer as propiedades xerais e específicas da materia e dos materiais.** 2. **Coñecer os tipos de mesturas, as súas características e a súa utilidade.** 3. **Distinguir os cambios físicos e químicos na materia.** 4. **Diferenciar os tipos de máquinas simples e compostas e a súa utilidade.** 5. **Diferenciar os tipos de pancas e os seus elementos.** 6. **Aplicar procedementos propios do traballo científico como a observación e a recollida e análise de datos.**	**Comunicación lingüística** (Obxectivos 1, 2 e 5) **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3, 4, 5 e 6) **Aprender a aprender** (Obxectivos 1, 2, 4, 5 e 6) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (Obxectivos 2, 3, e 6) **Competencias sociais e cívicas** (Obxectivo 1) **Competencia dixital** (Obxectivos 2, 3 e 5)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES
B.4. Materia e enerxía	**A materia e as súas propiedades**	1. Identificar as propiedades xerais e específicas da materia e a utilidade dos tipos de materiais na vida cotiá.	Observa, identifica e describe as propiedades xerais e específicas de diferentes obxectos e materiais. **(Comunicación lingüística)** Compara, clasifica e ordena diferentes materiais en base a criterios dados. **(Aprender a aprender)** Valora a importancia do control de residuos materiais.	• Explica as propiedades xerais e específicas da materia. • Identifica, enumera e clasifica materiais segundo os seus usos e propiedades. • Identifica materiais polo tipo de residuo que xeran
	Substancias puras e mesturas	2. Enumerar os tipos de mesturas e explicar as principais técnicas de separación destas.	2.1. Identifica e clasifica mesturas e os principais métodos de separación destas. **(Aprender a aprender)** 2.2. Analiza e describe experiencias sinxelas de separación dos compoñentes dunha mestura. **(Comunicación lingüística, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Identifica e clasifica mesturas homoxéneas e heteroxéneas, indicando os principais métodos de separación destas. • Aplica o estudo das mesturas en actividades prácticas relacionadas co seu contorno próximo.
	Os cambios na materia	3. Diferenciar as características dos cambios físicos e químicos na materia.	3.1. Coñece as leis básicas que rexen os cambios físicos e químicos na materia e as características básicas destes. **(Comunicación lingüística, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Distingue, enumera e explica razoadamente as causas e efectos de diferentes cambios físicos e químicos.

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES
B.5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas	**As máquinas**	4. Explicar as características básicas das máquinas e os diferentes tipos de máquinas simples.	Describe as características básicas e tipos de máquinas. Explica os diferentes tipos de máquinas simples e os seus elementos característicos. **(Aprender a aprender)**	• Explica a utilidade de diferentes máquinas e ordena tipos de máquinas en base a criterios establecidos. • Identifica e clasifica diversos tipos de máquinas, enumerando os elementos e compoñentes das máquinas simples.
	A panca	5. Clasificar os diferentes tipos de pancas e o seu funcionamento.	5.1. Enumera os tipos de pancas, describindo os seus elementos e funcionamento. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)**	• Identifica os diferentes tipos de pancas, sinalando as súas partes e explicando o seu funcionamento e aplicacións.
B.1. Iniciación á actividade científica	**Iniciación á actividade científica**	6. Integrar datos procedentes da observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicar os resultados.	Observa imaxes e ilustracións, e fai uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos. Busca, selecciona, analiza e organiza información concreta e relevante, represéntaa e extrae conclusións. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Analiza imaxes, identificando e describindo as características dos obxectos de estudo. • Recolle o resultado dos seus experimentos e explícaos de maneira razoada.
	Aplicación do estudo das mesturas	7. Comunicar de forma escrita os resultados das súas observacións presentándoos con apoios gráficos.	Utiliza adecuadamente o vocabulario correspondente aos contidos traballados. **(Comunicación lingüística)** Elabora textos explicativos para comunicar o resultado do seu traballo e preséntao de maneira limpa e ordenada. **(Comunicación lingüística)**	• Elabora un resumo a partir da información extraída dun esquema e argumentos razoados sobre as súas observacións • Busca información no seu libro de texto para dar resposta ás cuestións formuladas.
	Construción dunha máquina	8. Planifica e elabora unha máquina de construción sinxela.	8.1. Traballa de forma limpa e ordenada, seguindo as indicacións de maneira responsable e facendo un uso adecuado dos materiais.	• Constrúe un guindastre de maneira limpa e ordenada. • Explica as peculiaridades do funcionamento dun guindastre.
	Uso das tecnoloxías da información e a comunicación	9. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	9.1. Usa o ordenador para o desenvolvemento da área de Ciencias da Natureza. **(Competencia dixital)**	• Utiliza as TIC como ferramenta de aprendizaxe e autoavaliación.

A materia e as máquinas

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. **Coñecer as principais formas e fontes de enerxía, valorando o uso racional destas.** 2. **Coñecer as propiedades e efectos da calor.** 3. **Distinguir as características e aplicacións das propiedades da luz.** 4. **Coñecer as propiedades e características do son.** 5. **Coñecer as características e formas da enerxía eléctrica.** 6. **Aplicar procedementos propios do traballo científico á observación das propiedades das diferentes formas de enerxía.**	**Comunicación lingüística** (Obxectivos 1, 3, 4 e 5) **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5) **Aprender a aprender** (Obxectivos 1, 4, 5 e 6) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (Obxectivos 2, 3 e 6) **Competencia dixital** (Obxectivos 1, 4 e 5) **Competencias sociais e cívicas** (Obxectivo 1)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES
B. 4. Materia e enerxía	**A enerxía** **Formas e fontes de enerxía**	1. Explicar os diferentes tipos e fontes de enerxía e a importancia dun uso racional desta.	Observa, identifica e describe diversos tipos de enerxía e os seus efectos, e distingue as fontes de enerxía renovables e non renovables. **(Aprender a aprender)** Valora a importancia do uso racional dos recursos enerxéticos. **(Comunicación lingüística, Competencia social e cívica)**	• Identifica e relaciona diversos tipos de enerxía e os seus efectos, diferenciando entre fontes de enerxía renovables e non renovables**.** • Explica razoadamente a importancia dun uso racional dos recursos enerxéticos.
	A calor **Efectos da calor sobre os corpos**	2. Identificar e describir os procesos de transferencia de calor e os seus efectos.	2.1.Observa e identifica a calor como transferencia de enerxía en procesos físicos observables no seu contorno. **(Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Identifica, describe e xustifica procesos de transferencia de enerxía, e explica os efectos da calor nos corpos.
	A luz. Características **Propiedades da luz.**	3.Explicar as características e propiedades da luz.	3.1. Describe as propiedades da luz e as súas aplicacións. **(Comunicación lingüística, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Explica as características da luz e describe de maneira razoada as súas propiedades e aplicacións.

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES
B. 4. Materia e enerxía	**O son**	4.Explicar as características e propiedades do son.	4.1. Describe as características e propiedades do son en exemplos próximos. 4.2. Analiza os efectos da contaminación acústica e propón medidas contra ela. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)**	• Explica as propiedades e formas de propagación do son. • Enumera medidas contra os efectos da contaminación acústica.
	A electricidade	5. Explicar os fenómenos que rexen a transmisión da corrente eléctrica.	5.1. Describe que é a carga eléctrica e os seus efectos en exemplos próximos. 5.2. Explica o funcionamento dun circuíto eléctrico. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)**	• Identifica formas e propiedades da electricidade, e describe as súas aplicacións. • Explica os elementos dun circuíto eléctrico e describe o seu funcionamento razoadamente.
B. 1. Iniciación á actividade científica	**Iniciación á actividade científica** **Estudo da propagación do son**	6. Integrar datos procedentes da observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicar os resultados.	Rexistra datos sobre o comportamento dos corpos ante diversas formas de enerxía. Busca, selecciona, analiza e organiza información concreta e relevante, represéntaa e extrae conclusións. **(Aprender a aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)**	• Analiza a información contida en ilustracións, identificando e describindo as características dos temas de estudo. • Recolle o resultado dos seus experimentos e explícaos de maneira razoada
	Construción dun periscopio	7. Comunicar de forma escrita os resultados das súas observacións presentándoos con apoios gráficos. 8. Planificar e construír un sinxelo dispositivo. 9. Participar activamente en las actividades	Utiliza adecuadamente o vocabulario correspondente aos contidos traballados. **(Comunicación lingüística)** Elabora textos explicativos para comunicar o resultado do seu traballo e preséntao de maneira limpa e ordenada. **(Comunicación lingüística)** 8.1. Traballa de forma limpa e ordenada, seguindo as indicacións de maneira responsable e facendo un uso adecuado dos materiais. 9.1.Participa nas actividades grupais achegando ideas e respectando as opinións.	• Elabora resumos e esquemas, presenta argumentos razoados sobre as súas observacións • Busca información no seu libro de texto para dar resposta ás cuestións formuladas. • Constrúe un periscopio de maneira limpa e ordenada, e explica as súas características e funcionamento. • Propón solucións ao mal uso da enerxía.

	Uso das tecnoloxías da información e a comunicación	10. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	10.1. Usa o ordenador para o desenvolvemento da área de Ciencias da Natureza. **(Competencia dixital)**	• Utiliza as TIC como ferramenta de aprendizaxe e autoavaliación.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

Se traballará por proxectos de forma cooperativa, xa que, favorece: a motivación do alumnado, o desenvolvemento das competencias, a aprendizaxe significativa, a implicación, o pensamento crítico e a iniciativa persoal.

Ademais de ir integrando pouco a pouco un traballo baseado nas **Intelixencias Múltiples**, o **Traballo por Proxectos** e o **Traballo Cooperativo**, os **principios metodolóxicos** que van a guiar a miña proactiva educativa son: actividade e experimentación, participación, motivación, personalización, inclusión, interacción, globalización…

En canto ao **agrupamento** do alumnado, se variará segundo as actividades que se vaian a realizar: tarefas individuais, parellas, agrupamento flexible, pequeno grupo, gran grupo, grupo base e grupo interclase.

A metodoloxía proposta neste proxecto parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica:

a) Fase de activación: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para o aprendizaxe do contido correspondente.

b) Fase de dinamización: é momento principal da sesión na que se produce a interactuación entre alumno-alumno, alumno-profesor.

c) Fase de reflexión: a sesión se pecha coa busca da vinculación entre o contido traballado e a realidade.

8. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS:

A continuación farei referencia a aqueles recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Uso das TIC de maneira habitual.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, priorizando o uso de fotografías e vídeos sinxelos.
- Materiais e recursos manipulativos.
- Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións…
- Uso do entorno dixital para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada.

9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN:

- **AVALIACIÓN:**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua** en canto estará inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias claves para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global** en canto se referirá ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e o aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas que a integran.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

a) Probas escritas: exames, ditados, controis diarios, fichas de repaso, redaccións…

b) Probas lectoras: lecturas compartidas, voz baixa, lectura en voz alta, lectura cooperativa…

c) Probas orais: exposicións, dramatizacións, rol-playing, presentacións, contacontos, tertulias, debates, charlas…

d) Tarefas finais (competenciais): exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e cercano ao entorno cotiá. Exemplos: debates, dramatizacións, contacontos, mercadillos, investigacións, enquisas…

e) Caderno de clase: recolleremos información tamén de forma puntual do caderno para valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza do mesmo.

f) Observación diaria: valoración do traballo de cada día, moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.

- **<u>CRITERIOS DE CALIFICACIÓN</u>:**

Se terá en conta os seguintes criterios de cualificación

40% Conceptos: probas escritas, test, preguntas orais, kahoot, Socrative...

60% Competencia: contextos de aprendizaxe, proxectos...

Valoramos:

- A realización dos exercicios diarios na clase.
- A realización das tarefas de casa.
- O seu interese.
- O esforzo.
- A resposta das preguntas diarias orais da clase.
- A realización das probas escritas e orais, incluídas probas por competencias.
- A capacidade de traballo en equipo.

Se valorarán con notasnuméricas do 1 ao 10, considerándose a nota inferior a 5 non conseguidos os obxectivos.

A **cualificación cualitativa** terá como clave para o diagnóstico da unidade:

- As rúbricas de avaliación das tarefas.
- As probas de avaliación por competencias.
- A observación directa.

Criterios para o tratamento de materias pendentes

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas

10. PROCEDEMIENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL:

O inicio de todo proceso de ensinanza-aprendizaxe supón en si mesmo unha avaliación. Este elemento é tan importante que se non aparece, se pode afirmar que se perde o control sobre o proceso. Unha das direccións dun sistema educativo establecido é dirixir conscientemente un proceso de aprendizaxe nun sentido concreto e non en outros. A avaliación inicial é o proceso de toma de decisións que serve para planificar a intervención educativa a partir do coñecemento das capacidades e necesidades dun grupo de alumnos e alumnas, así como das características do entorno en que se sitúa.

A avaliación inicial ten varias funcións: serve para definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias con respecto ao currículo que se pretende desenrolar e as súas necesidades, aporta información sobre o contexto escolar no que se move o grupo: profesorado, recursos da aula, do centro, posibilidades de interacción con outros grupos…, ofrece datos relativos ao entorno socio-familiar do alumno ou alumna, informando sobre as expectativas que se ten do proceso de aprendizaxe, as posibilidades de axuda e colaboración da familia, aspectos que inciden no seu desenrolo…, define a intervención educativa que se vai a levar a cabo cun alumno ou alumna, priorizando aqueles aspectos deficitarios que sexan precisos para o desenrolo de habilidades funcionais propias da súa idade, concreta as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna utiliza para a incorporación de coñecementos e habilidades novas, permitindo unha ensinanza mais eficaz.

Na avaliación inicial que levaremos a cabo, destacamos tres momentos: o propósito da avaliación inicial, a recollida de información e a toma de decisións (planificación). É básico definir que é o que se quere conseguir, canto mais concreta sexa, maior facilidade terá de conseguir unha avaliación útil e toma de decisións axustada.

Esta avaliación inicial levará a cabo o titor/a de cada curso con axuda do departamento de orientación do centro. A proba deberá ser realizada nun tempo estipulado e constará de actividades traballadas nos cursos anteriores.

11. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO EDUCATIVO:

Na etapa de Educación Primaria se porá especial énfases na **atención á diversidade** do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para iso se establecerán mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

1. A ampliación de horas lectivas.

2. Os agrupamentos flexibles.

3. A realización de apoios, preferentemente dentro da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe.

4. A realización de medidas de enriquecemento curricular.

5. O reforzo educativo nas áreas e alumnado que se determine por parte de outro profesor.

6. O reforzo educativo por parte doutro mestre das áreas que se determine de alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe.

7. O desdobre dun grupo de alumnos nunha ou varias áreas.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

Se tratarán os seguintes elementos transversais:

a) A comprensión lectora

- Analizar os enunciados impulsando a comprensión.
- Uso de distintas tipoloxías textuais.

b) A expresión oral e escrita

- Produción de esquemas e/ou debuxos.
- Elaboración dun guión para presentar o texto fronte a un grupo de compañeiros, e transformación da estrutura do texto.
- Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto.
- Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos.
- A toma de decisións e a súa argumentación; a comunicación entre o grupo, o respecto e a aceptación das opinións dos demais; así como o traballo cooperativo para aprender dos outros e cos outros. Ao interactuar cos demais (xa sexa traballando en pequeno grupo ou en gran grupo) deben esforzarse tanto en facerse entender como en escoitar aos demais.
- Expresar o enunciado dunha actividade coas propias palabras e ser capaz de reelaboralo tendo en conta diferentes indicacións.

c) A comunicación audiovisual

- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- Desenrolar o pensamento crítico e a capacidade creativa a través de análises e a produción de materiais audiovisuais.

d) As Tecnoloxías da Información e a Comunicación

As novas tecnoloxías están cada vez mais presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá.
Neste sentido o Decreto 89/2014 destaca: “O uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación permite enriquecer a metodoloxía didáctica e supón un valioso auxiliar para a ensinanza”.

Dende esta realidade, consideramos imprescindible a súa incorporación nas aulas de Educación Primaria coa finalidade de iniciar aos nenos no bo uso das mesmas.

A incorporación da informática na aula contempla dúas vías de tratamento que deben ser complementarias:

- **Informática como fin**: ten como obxectivo ofrecer ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre a informática e o manexo dos elementos e programas do ordenador. O ordenador se convirte, así, en obxecto de estudio en si mesmo.

- Informática como medio: o seu obxectivo é sacar todo o proveito posible das potencialidades deste medio; se utiliza como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van a tratar, para a presentación de traballos de diferente índole e para a busca de información.

e) O emprendemento

- Adquirir estratexias para poder resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que nos pregunta.

- Desenrolar un exercicio de creatividade colectiva entre os alumnos que permita idear un novo produto ou servicio capaz de resolver unha necesidade cotiá.

- Ter iniciativa persoal e tomar decisións dende o seu espírito crítico.

- Determinar as principais características dese novo produto ou servicio, así como as súas vantaxes e inconvenientes fronte ao que xa existe.

- Enlazar a solución plantexada (produto ou servicio) cos seus posibles usuarios (mercado) e coa sociedade en xeral, introducindo a iniciativa emprendedora e o papel que este debe xogar como motor de emprego e desenrolo.

- Aprender a equivocarse e ofrecer as súas propias respostas.

- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.

As habilidades emprendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análises, capacidade de sínteses, visión emprendedora.

- Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.

- Habilidades sociais: traballo en grupo, comunicación; cooperación; capacidade de relación co entorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa.

f) A educación cívica e constitucional

- Coñecemento e respecto polos valores constitucionais de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.

- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos e deberes fundamentais: igualdade ante a lei, dereito á vida, liberdade relixiosa e ideolóxica, liberdade persoal, liberdade de expresión, dereito de reunión, asociación e participación, dereito á educación, ao traballo, etc.

- Coñecemento, valoración e respecto pola organización territorial de Estado en comunidades autónomas.

- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos sociais, deberes e políticas públicas: igualdade de xénero, protección da familia, dereitos dos menores e maiores, dereito á educación, as prestacións sociais, dereito das persoas con discapacidade ou minusvalía, etc.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- ✓ Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- ✓ Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- ✓ Permitir a apertura do alumnado cara o entorno físico cultural que lle rodea.
- ✓ Contribuír ao desenrolo de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara os demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- ✓ Desenrolar a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural.
- ✓ Estimular o desexo de investigar e saber.
- ✓ Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- ✓ Despertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Celebración de efemérides: Día do Libro, Día da Paz…
- Festas e celebracións.
- Visitas a espazos naturais.
- Celebración de concursos.

PROGRAMACIÓN
CIENCIAS SOCIAIS

CENTRO:CPR VIRXE MILAGROSA
CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA
PROFE: MARIA CONSUELO RODAS DURÁN

ÍNDICE:

1. Introdución e contextualización

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

3. Concreción dos obxectivos de Educación Primaria

4. Concreción dos obxectivos por curso

5. Concreción dos estándares de aprendizaxe

6. Concreción dos contidos

7. Metodoloxía didáctica

8. Materiais e recursos didácticos

9. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e promoción

10. Procedementos para realizar a avaliación inicial

11. Medidas de apoio e reforzo educativo

12. Concreción dos elementos transversais

13. Actividades complementarias e extraescolares

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

INTRODUCIÓN:

Esta programación nos axudará a preparar, desenvolver e avaliar a acción educativa. Neste instrumento específico de planificación están reflexados o desenvolvemento eavaliación de cada un dos aspectos do currículo, na que se concretan os obxectivos, ascompetencias básicas, os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliables, ametodoloxía e os criterios de avaliación. Esta programación atende á necesaria coordinación entre os cursos que compoñen o ciclo,así como as diferentes áreas que o integran.

Ao elaborar esta programación tiven en conta:

- **Os seguintes documentos lexislativos, entre outros:**

  - Lei Orgánica 8 de 2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
  - Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo cal se establece e ordena o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 22 de maio de 2022, polo cal se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023 na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Instrucións do 26 de maio do 2022, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2022-2023, nos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación de Educación Primaria
  - Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

- **Os seguintes aspectos:**

  ✓ O ámbito pedagóxico do Proxecto educativo (PE).
  ✓ Todos os elementos definidos na Concreción Curricular (obxectivos, contidos,recursos…).
  ✓ As condicións nas que se leva a cabo a aprendizaxe (necesidades do alumnado, recursos do centro…).

  ✓ A atención á diversidade, inclusión dentro das aulas

CONTEXTUALIZACIÓN:

A seguinte programación vai dirixida a un total de 25 alumnos de cuarto de Educación Primaria.
No caso do curso de cuarto, o alumnado cursou o anterior ciclo da Educación Primaria neste mesmo centro; sen embargo, o grupo amosa certo grado de heteroxeneidade a nivel académico, o que fai que teñamos que revisar con frecuencia as estratexias metodolóxicas e outros puntos importantes do currículo.
Constando, tan só dunha liña, o colexio Virxe Milagrosa, privado concertado,pertencente á Fundación Educere de Centros de Ensino conta con tres aulas de Infantil; seis de Primaria; catro da ESO; aula de apoio,aula, aula de plástica; aula de informática; laboratorio; biblioteca; ximnasio; salón de actos; sala de Mestres; xefatura de estudios; secretaría; dirección;dous patios, un deles congradas; e unha aula de Educación Especial.
En Bueu, un pobo costeiro de 13.000 habitantes, está situado o noso colexio Virxe Milagrosa. A céntrica e privilexiada situación do centro fai que o colexio manteña unha boa comunicación cara os seus habitantes.
Os aspectos socioeconómicos de Bueu xiran, na súa maioría, arredor da pesca de litoral e altura, o pequeno comercio e a pequena industria.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

As competencias clave do currículo son as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Se potenciará o desenvolvemento das Competencias básicas ou disciplinares (Comunicación lingüística, Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía), aínda que tamén se atenderá ó resto de Competencias Clave de tratamento transversal.

DESCRIPCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

- A Competencia en comunicación lingüística (CCL), é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cincocompoñentes que a

constitúen e as dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

- O compoñente socio-cultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión interculturalA Competencia en comunicación lingüística (CCL), é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cincocompoñentes que a constitúen e as dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

- O compoñente socio-cultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural

- O compoñente estratéxico permite ao individuo superar dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

- Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe un compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os rasgos de personalidade.

- A Competencia matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT), inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida.

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante,

a consecución e sostibilidade do benestar social esixe conductas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A todo isto contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

a) A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.
Para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álxebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e a interacción responsable con el dende accións, tanto individuais como colectivas, orientadas a conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen a adquisición de coñecementos, o contrastar ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resulta necesario abordar os saberes ou coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía, os cales se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas.

- A Competencia Dixital (CD) é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxes, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.
  Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de

coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar: a información, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas.

- A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.
  Esta competencia se caracteriza pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender, e en segundo lugar, o fomento da organización e a xestión da aprendizaxe.
  Para o adecuado desenvolvemento da competencia de aprender a aprender se require dunha reflexión que favoreza un coñecemento dos procesos mentais que se entregan as persoais cando aprenden, un coñecemento sobre os propios procesos da aprendizaxe, así como o desenvolvemento da destreza de regular e controlar a propiaaprendizaxe que se leva a cabo.

- As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade (entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa), para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez mais diversificados para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme as normas baseadas no respecto mutuo e en convicción democráticas. Ademais de incluír acciones a un nivel mais preto e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

a) A competencia social se relaciona co benestar persoal e colectivo.

b) A competencia cívica se basea no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

Adquirir estas competencias supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferencias, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros; é dicir, aunar o individual e o social, o privado e o público en pos de solucións construtivas dos conflitos e problemas da sociedade democrática.

- A competencia Sentido de Iniciativa e Espíritu Emprendedor (SIE), implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar:

- A capacidade creadora e de innovación.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos.
- A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incertidume.
- As cualidades de liderazgo e traballo individual e en equipo.
- Sentido crítico e da responsabilidade.

- A Competencia en Conciencia e Expresión Cultural (CCEC), implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión culturalresulta necesario abordar:

- O coñecemento, estudio e comprensión dos distintos estilos artísticos e das principaisobras e producións do patrimonio cultural e artístico.
- A aprendizaxe das técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas.
- A capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo daarte e da cultura.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuode cara á expresión das propias ideas e sentimentos.
- O interese, aprecio, respecto, desfrute e valoración crítica das obras artísticas eculturais.
- A promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade.
- O desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para a creación de calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan a realización de traballos colectivos.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

O planeta en que vivimos

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. Coñecer os principais trazos do universo e do sistema solar, identificando os planetas que o compoñen. **2. Entender e describir os movementos que conforman a dinámica terrestre e os seus efectos sobre a vida.** **3. Recoñecer a Lúa como satélite da Terra e describir as fases lunares.** **4. Identificar e describir as capas da Terra.** **5. Comprender as similitudes e diferenzas entre as distintas formas de representación da Terra.** **6. Desenvolver a capacidade de autoavaliación e autocrítica en relación coas tarefas desenvolvidas na unidade.** **7. Utilizar con propiedade a terminoloxía específica da unidade.**	**Competencias social e cívica** (Obxectivos 1, 2 , 3 e 6) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3 e 4) **Aprender a aprender** (Obxectivo 5) **Comunicación lingüística** (Obxectivos 2, 3, 4 e 7)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
0. Contidos comúns.	**Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais.**	**1.** Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	**1.1.** Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito. **(Comunicación lingüística)**	• Utiliza fontes escritas, dixitais e presentacións para obter información, analizala e expoñela.
	Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar e seleccionar información e presentar conclusións.	**2.** Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.	**2.2.** Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación. **(Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía)**	• Interpreta os textos, imaxes e esquemas.
	Uso de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.	**3.** Valorar o traballo en grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación	**3.2.** Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable,	• Participa nas propostas de traballo cooperativo e responsabilízase da súa achega e da do equipo.

		responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático. **(Competencias social e cívica)** **(Aprender a aprender)**	

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
2. O mundo en que vivimos.	**A Terra no sistema solar. A Terra: características xerais.** **Movementos da Terra e as súas consecuencias.** **A Lúa e as súas fases.** **As capas da Terra e as súas características básicas.** **Globos terráqueos e planisferios. Identificación dos polos, o eixe e os hemisferios.**	**4.** Identificar os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa neste.	**4.1.** Describe a localización da Terra no sistema solar e nomea os planetas que o forman. **(Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía)**	• Define correctamente algúns dos elementos que compoñen o sistema solar.
		5. Explicar as características básicas da Terra e os movementos que realiza, identificando o movemento de rotación e translación e as súas consecuencias.	**5.1.** Explica os movementos de rotación e translación terrestres e as súas consecuencias. **(Comunicación lingüística)**	• Coñece e describe o movemento de rotación e translación.
		6. Describir características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, identificando as fases lunares e as súas consecuencias.	**6.1.** Describe a translación da Lúa e identifica e nomea as fases lunares. **(Comunicación lingüística)**	• Coñece e describe o movemento de translación da Lúa e nomea as fases lunares.
		7. Nomear e identificar as capas que forman a Terra, describindo algunhas das súas características.	**7.1.** Identifica, nomea e describe as capas da Terra, e algunhas das súas características. **(Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía)** **(Comunicación lingüística)**	• Identifica e describe as capas da Terra.
		8. Explicar as distintas formas de representar a Terra.	**8.1.** Localiza os puntos cardinais, os polos, o ecuador, os hemisferios e o eixe de rotación en globos terráqueos e	• Recoñece os principais elementos da Terra representados nun globo terráqueo. *Observa e comprende.*

			planisferios. **(Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía)**	
			8.2. Diferencia globo terráqueo e planisferio en función das súas características. **(Aprender a aprender)**	• Identifica as diferenzas entre as dúas formas de representación da Terra.

Orientacións metodolóxicas

1. Coñecementos previos necesarios

Trátase dunha unidade de repaso, pois, atendendo ao currículo, moitos dos conceptos que se traballan foron estudados en 3.º curso de Primaria:

- O **sistema solar**.
- Os **movementos** da Terra.
- As **capas** da Terra.
- O **globo terráqueo** e o **planisferio**.

2. Previsión de dificultades

É posible que os alumnos encontren algunhas das seguintes **dificultades** no estudo da unidade, sobre todo tendo en conta que:

- O sistema solar é un concepto que resulta abstracto para os alumnos desta idade. Non teñen experiencia directa dos planetas. Por iso, **o uso de ilustracións e fotografías, así como de presentacións e vídeos, resulta esencial** e sería útil apoiar con eses medios as nosas explicacións. O mesmo sucede coas capas da Terra.
- Establécese unha **relación de causa-efecto** entre a dinámica terrestre e os seus efectos na Terra que pode resultar complexa: entender como a translación inflúe na sucesión das estacións, a rotación na alternancia entre o día e a noite, ou as fases da Lúa.
- Pode resultar especialmente difícil para os nenos comprender por que **un planisferio non representa a Terra de forma tan fiel** como o fai un globo terráqueo. Asumiremos unha comprensión básica do tema e apoiarémonos na forma esférica de ambos os elementos que os fan similares.

3. Programas transversais

Aprendizaxes cooperativas	Por parellas.

4. Vinculación con outras materias

Matemáticas	O manexo da idea de corpos xeométricos como a esfera ao traballar os corpos celestes, o trazado elíptico das órbitas dos planetas no movemento de translación e a visualización dos eixes de coordenadas nos planisferios poden reforzar conceptos matemáticos.
Ciencias da Natureza	A observación do mundo físico e a apreciación e aplicación do coñecemento científico, así como o traballo da estrutura do planeta e da biosfera, vinculan a unidade coa materia complementaria de Ciencias da Natureza.

5. Suxestión de temporalización

Para o desenvolvemento desta unidade recoméndase distribuír o traballo en tres sesións, organizadas da seguinte maneira:

INICIO DE UNIDADE COMPRENSIÓN LECTORA E CONTIDO DA PRIMEIRA EPÍGRAFE	CONTIDOS DO RESTO DE EPÍGRAFES
1 sesión	2 sesións

O tempo e o clima

OBXECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS
1. Coñecer os principais trazos do tempo atmosférico. 2. Identificar as características das estacións do ano e comprender a causa da súa sucesión. 3. Entender e describir a meteoroloxía, as predicións do tempo e os instrumentos que se utilizan. 4. Comprender e valorar a influencia do clima nas actividades humanas. 5. Entender e utilizar mapas do tempo atmosférico. 6. Coñecer as características básicas da atmosfera e as capas en que se divide. 7. Comprender e valorar a importancia da atmosfera para a vida na Terra.	**Competencia social e cívica** (Obxectivos 4 e 7) **Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía** (Obxectivos 1, 2, 3, 5 e 6) **Aprender a aprender** (Obxectivos 3 e 5) **Competencia lingüística** (Obxectivos 3 , 4 e 7)

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
2. O mundo en que vivimos	**Iniciación ao coñecemento científico e á súa aplicación nas Ciencias Sociais.**	**1.** Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	**1.1.** Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións e comunícao oralmente e/ou por escrito. **(Aprender a aprender)**	• Realiza actividades a partir de fontes de información como imaxes e textos.
	Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar e seleccionar información e presentar conclusións.	**2.** Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.	**2.1.** Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. **(Competencia dixital)**	• Utiliza as TIC como ferramenta de aprendizaxe e autoavaliación.
	O tempo atmosférico e os seus factores. **Caracterización do tempo atmosférico: nubes, vento, precipitacións e temperatura.**	**3.** Describir o tempo atmosférico, coñecer os fenómenos atmosféricos que nos permiten caracterizalo, iniciándose nos rexistros e representacións gráficas do tempo atmosférico.	**3.1.** Define "tempo atmosférico" e coñece a súa variabilidade. **(Competencia lingüística)**	• Define o tempo atmosférico.
			3.2. Identifica o tempo que vai en función das nubes, o vento, a temperatura e as precipitacións. **(Competencia social e cívica)**	• Identifica variables do tempo atmosférico.
			3.3. Describe como as nubes	• Identifica as nubes como

			nos informan do estado da atmosfera. **(Competencia lingüística)**	indicadores do tempo.

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
			3.4. Identifica a dirección e a velocidade do vento e nomea os aparatos que serven para medilas. **(Competencia social e cívica)**	• Coñece as características do vento.
			3.5. Confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións da súa zona.. **(Aprender a aprender)**	• Elabora táboas de recollida de datos meteorolóxicos.
2. O mundo en que vivimos	**A predición do tempo atmosférico.**	**4.** Explicar a diferenza entre clima e tempo atmosférico, analizando a importancia das predicións ante catástrofes meteorolóxicas.	**4.1.** Explica cal é a diferenza entre tempo atmosférico e clima. **(Competencia lingüística)**	• Explica as diferenzas entre tempo atmosférico e clima.
			4.2. Analiza a importancia das predicións ante catástrofes meteorolóxicas. **(Competencia social e cívica)**	• Recoñece a importancia das predicións ante catástrofes. ***Ponte a proba***.
	A meteoroloxía e as estacións do ano.	**5.** Recoñecer os principais fenómenos meteorolóxicos identificando as súas manifestacións máis relevantes e identificando as características das estacións do ano.	**5.1.** Describe de maneira sinxela como adoita ser o tempo na zona na que vive ao longo das estacións. **(Competencia lingüística)**	• Recoñece como é o tempo no seu territorio.
			5.2. Identifica as estacións do ano e as súas características. **(Competencia social e cívica)**	• Recoñece e diferencia as estacións do ano. .
	As estacións meteorolóxicas: Instrumentos meteorolóxicos e as súas utilidades.	**6.** Identificar os aparatos que	**6.1.** Explica para que son	• Explica a importancia das

		utilizan os meteorólogos para obter medicións concretas e exactas sobre as condicións atmosféricas, valorando a importancia das predicións do tempo meteorolóxico nas vidas das persoas e nas actividades económicas dalgúns sectores.	necesarias as predicións e que aparatos se utilizan. **(Competencia lingüística)**	predicións e nomea os aparatos de rexistro.
			6.2. Describe unha estación meteorolóxica e explica a súa función. **(Competencia lingüística)**	• Describe unha estación meteorolóxica.

BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES/INDICADORES
	Mapas do tempo. Símbolos convencionais. **A atmosfera.**		**6.3.** Identifica os distintos aparatos de medida e clasifica cada aparato meteorolóxico. **(Competencia social e cívica)**	• Identifica os diferentes instrumentos de medida.
			6.4. Valora a importancia das predicións na vida das persoas e nalgunhas actividades económicas. **(Competencia social e cívica)**	• Valora a influencia do clima na vida das persoas.
		7. Interpretar mapas do tempo e coñecer as informacións que se usan para describilo e predicilo.	**7.1.** Interpreta un sinxelo mapa meteorolóxico distinguindo os seus elementos principais. **(Aprender a aprender)**	• Interpreta sinxelos mapas sobre predición do tempo.
		8. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos e relacionar as capas que a forman con cada unha das súas funcións.	**8.1.** Define "atmosfera", coñece como varía en altura e describe feitos e características das capas que se aprecian nelas. **(Competencia lingüística)**	• Identifica e define as capas da atmosfera.
A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua** en canto estará inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias claves para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global** en canto se referirá ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e o aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas que a integran.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

a) Probas escritas: exames, ditados, controis diarios, fichas de repaso, redaccións…

b) Probas lectoras: lecturas compartidas, voz baixa, lectura en voz alta, lectura cooperativa…

c) Probas orais: exposicións, dramatizacións, rol-playing, presentacións, contacontos, tertulias, debates, charlas…

d) Tarefas finais (competenciais): exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e cercano ao entorno cotiá. Exemplos: debates, dramatizacións, contacontos, mercadillos, investigacións, enquisas…

e) Caderno de clase: recolleremos información tamén de forma puntual do caderno para valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza do mesmo.

f) Observación diaria: valoración do traballo de cada día, moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.

- **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN:**

Se terá en conta os seguintes criterios de cualificación

40% Conceptos: probas escritas, test, preguntas orais, kahoot, Socrative...

60% Competencia: contextos de aprendizaxe, proxectos...

Valoramos:

- A realización dos exercicios diarios na clase.
- A realización das tarefas de casa.
- O seu interese.
- O esforzo.
- A resposta das preguntas diarias orais da clase.
- A realización das probas escritas e orais, incluídas probas por competencias.
- A capacidade de traballo en equipo.

Se valorarán con notasnuméricas do 1 ao 10, considerándose a nota inferior a 5 non conseguidos os obxectivos.

A **cualificación cualitativa** terá como clave para o diagnóstico da unidade:

- As rúbricas de avaliación das tarefas.
- As probas de avaliación por competencias.
- A observación directa.

Criterios para o tratamento de materias pendentes

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas

10. PROCEDEMIENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL:

O inicio de todo proceso de ensinanza-aprendizaxe supón en si mesmo unha avaliación. Este elemento é tan importante que se non aparece, se pode afirmar que se perde o control sobre o proceso. Unha das direccións dun sistema educativo establecido é dirixir conscientemente un proceso de aprendizaxe nun sentido concreto e non en outros. A avaliación inicial é o proceso de toma de decisións que serve para planificar a intervención educativa a partir do coñecemento das capacidades e necesidades dun grupo de alumnos e alumnas, así como das características do entorno en que se sitúa.

A avaliación inicial ten varias funcións: serve para definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias con respecto ao currículo que se pretende desenrolar e as súas necesidades, aporta información sobre o contexto escolar no que se move o grupo: profesorado, recursos da aula, do centro, posibilidades de interacción con outros grupos…, ofrece datos relativos ao entorno socio-familiar do alumno ou alumna, informando sobre as expectativas que se ten do proceso de aprendizaxe, as posibilidades de axuda e colaboración da familia, aspectos que inciden no seu desenrolo…, define a intervención educativa que se vai a levar a cabo cun alumno ou alumna, priorizando aqueles aspectos deficitarios que sexan precisos para o desenrolo de habilidades funcionais propias da súa idade, concreta as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna utiliza para a incorporación de coñecementos e habilidades novas, permitindo unha ensinanza mais eficaz.

Na avaliación inicial que levaremos a cabo, destacamos tres momentos: o propósito da avaliación inicial, a recollida de información e a toma de decisións (planificación). É básico definir que é o que se quere conseguir, canto mais concreta sexa, maior facilidade terá de conseguir unha avaliación útil e toma de decisións axustada.

Esta avaliación inicial levará a cabo o titor/a de cada curso con axuda do departamento de orientación do centro. A proba deberá ser realizada nun tempo estipulado e constará de actividades traballadas nos cursos anteriores.

11. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO EDUCATIVO:

Na etapa de Educación Primaria se porá especial énfases na **atención á diversidade** do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para iso se establecerán mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

1. A ampliación de horas lectivas.

2. Os agrupamentos flexibles.

3. A realización de apoios, preferentemente dentro da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe.

4. A realización de medidas de enriquecemento curricular.

5. O reforzo educativo nas áreas e alumnado que se determine por parte de outro profesor.

6. O reforzo educativo por parte doutro mestre das áreas que se determine de alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe.

7. O desdobre dun grupo de alumnos nunha ou varias áreas.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

Se tratarán os seguintes elementos transversais:

a) A comprensión lectora

- Analizar os enunciados impulsando a comprensión.
- Uso de distintas tipoloxías textuais.

b) A expresión oral e escrita

- Produción de esquemas e/ou debuxos.
- Elaboración dun guión para presentar o texto fronte a un grupo de compañeiros, e transformación da estrutura do texto.
- Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto.
- Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos.
- A toma de decisións e a súa argumentación; a comunicación entre o grupo, o respecto e a aceptación das opinións dos demais; así como o traballo cooperativo para aprender dos outros e cos outros. Ao interactuar cos demais (xa sexa traballando en pequeno grupo ou en gran grupo) deben esforzarse tanto en facerse entender como en escoitar aos demais.
- Expresar o enunciado dunha actividade coas propias palabras e ser capaz de reelaboralo tendo en conta diferentes indicacións.

c) A comunicación audiovisual

- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- Desenrolar o pensamento crítico e a capacidade creativa a través de análises e a produción de materiais audiovisuais.

d) As Tecnoloxías da Información e a Comunicación

As novas tecnoloxías están cada vez mais presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá.
Neste sentido o Decreto 89/2014 destaca: "O uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación permite enriquecer a metodoloxía didáctica e supón un valioso auxiliar para a ensinanza".

Dende esta realidade, consideramos imprescindible a súa incorporación nas aulas de Educación Primaria coa finalidade de iniciar aos nenos no bo uso das mesmas.

A incorporación da informática na aula contempla dúas vías de tratamento que deben ser complementarias:

- **Informática como fin**: ten como obxectivo ofrecer ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre a informática e o manexo dos elementos e programas do ordenador. O ordenador se convirte, así, en obxecto de estudio en si mesmo.

- Informática como medio: o seu obxectivo é sacar todo o proveito posible das potencialidades deste medio; se utiliza como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van a tratar, para a presentación de traballos de diferente índole e para a busca de información.

e) O emprendemento

- Adquirir estratexias para poder resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que nos pregunta.

- Desenrolar un exercicio de creatividade colectiva entre os alumnos que permita idear un novo produto ou servicio capaz de resolver unha necesidade cotiá.

- Ter iniciativa persoal e tomar decisións dende o seu espírito crítico.

- Determinar as principais características dese novo produto ou servicio, así como as súas vantaxes e inconvenientes fronte ao que xa existe.

- Enlazar a solución plantexada (produto ou servicio) cos seus posibles usuarios (mercado) e coa sociedade en xeral, introducindo a iniciativa emprendedora e o papel que este debe xogar como motor de emprego e desenrolo.

- Aprender a equivocarse e ofrecer as súas propias respostas.

- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.

As habilidades emprendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análises, capacidade de sínteses, visión emprendedora.

- Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.

- Habilidades sociais: traballo en grupo, comunicación; cooperación; capacidade de relación co entorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa.

f) A educación cívica e constitucional

- Coñecemento e respecto polos valores constitucionais de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.

- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos e deberes fundamentais: igualdade ante a lei, dereito á vida, liberdade relixiosa e ideolóxica, liberdade persoal, liberdade de expresión, dereito de reunión, asociación e participación, dereito á educación, ao traballo, etc.

- Coñecemento, valoración e respecto pola organización territorial de Estado en comunidades autónomas.

- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos sociais, deberes e políticas públicas: igualdade de xénero, protección da familia, dereitos dos menores e maiores, dereito á educación, as prestacións sociais, dereito das persoas con discapacidade ou minusvalía, etc.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- ✓ Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- ✓ Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- ✓ Permitir a apertura do alumnado cara o entorno físico cultural que lle rodea.
- ✓ Contribuír ao desenrolo de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara os demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- ✓ Desenrolar a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural.
- ✓ Estimular o desexo de investigar e saber.
- ✓ Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- ✓ Despertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Celebración de efemérides: Día do Libro, Día da Paz…
- Festas e celebracións.
- Visitas a espazos naturais.
- Celebración de concursos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ED.FÍSICA

De acordo co *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia*, publicado no DIARIO OFICIAL DE GALICIA (*DOG*) o 09/09/2014.

4º E. PRIMARIA

CURSO 2022-23

MESTRE: JOSE ROSALES ESTÉVEZ

CENTRO: CPR VIRXE MILAGROSA BUEU

LEXISLACIÓN.

- **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. .**
  BOE, n.º 295, de 10 de decembro de 2013.
- **Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.**
  BOE, n.º 52, de 1 de marzo de 2014.
- **DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.**
  DOG, n.º 171, de 9 de setembro de 2014.

ÍNDICE

1. **INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....pax. 3**
2. **CONTRIBUCIÓN DA PROGRAMACIÓN AS DESENVOLEVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....pax. 4**
3. **OBXECTIVOS DE E. FÍSICA PARA 4º E.P.....pax. 5**
4. **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS E DIDÁCTICOS XERAIS.....pax. 6**
   - **CONCEPTO**
   - **CRITERIOS METODOLÓXICOS**
   - **RECURSOS**
   - **TEMPORALIZACIÓN**
5. **AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....pax. 10**
   - **Avaliación do alumnado**
   - **Instrumentos e criterios de cualificación**
   - **Avaliación do proceso e da tarefa do docente**
   - **Avaliación inicial**
   - **Indicadores de logro**
6. **CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E ACTIVIDADES PARA MÚSICA 6º EP.....pax.14**
7. **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....pax.19**
8. **ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....pax.20**
9. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....pax.22**
10. **MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....pax.23**

1. INTRODUCIÓN

Esta programación que se presenta a continuación ten como finalidade a competencia motriz dos alumnos e alumnas. Esta competencia, aínda que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo e desenvolver as súas habilidades básica. As actividades axudarán a relacionarse cos demais, o respecto, a igualdade de xénero, traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, a aceptación das regras de desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación Física, nesta etapa, ten no xogo o máis importarte recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador, facendo fincapé nos xogos tradicionais galegos.

O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural.

A Educación Física en Primaria terá un carácter global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría de aprendizaxes.

CONTEXTUALIZACIÓN

1.1- Características da localidade

→ Poboación rural do litoral de 13.000 habitantes aprox. . A poboación ten como actividade a pesca e acuicultura nunha proporción elevada, repartíndose o resto entre construción e servizos.

→A poboación está moi ben situado preto doutras localidades importantes.

→ Ofrece actividades deportiva e de lecer

1.2 Características do centro

Edificio: Consta un só edificio que contén alumnos/as de infantil, primaria e secundaria, sendo a súa configuración dunha liña.

Espazos: Ten 13 aulas (titorías), aulas de AL e PT, despachos de Dirección e Secretaría, sala de profesores, salón de actos, Ximnasio, Aula de informática, Aula de tecnoloxía, Biblioteca, Laboratorio e dous patios con recinto para Infantil.

Profesorado: Plantilla de profesores con especialistas en música, Inglés e Ed.Física.

Horario: O horario lectivo é de xornada continua, sendo diferente o horario para

ntil e. primaria que para a ESO. Infantil de 9:00 a 14:00, Primaria de 9:00 a 14:10 e

e 8:45 a 14:00 e os luns de 15:30 a 17:30.

1.3 Características do grupo- clase

Nivel: Cuarto de Educación Primaria.

Grupo: 25

Características del grupo:
* Hai alumnos que reciben apoio educativo

Problemática del grupo: Grupo heteroxéneo con distintas capacidades e intereses.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIA CLAVE	
COMPETENCIAS	***ESTÁNDARES***
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	
Comunicación lingüística	Escoita aos seus compañeiros e compañeiras cando hai un conflito. Utiliza o vocabulario aprendido. Non interrompe a situación de comunicación. Pide a quenda de palabra.
Competencia dixital	Accede ás TIC para consolidar aprendizaxes
Conciencia e expresións culturais	Reproduce coreografías propostas. Reflexiona sobre a importancia do deporte como fenómeno social. Valora o traballo artístico actuando sen inhibición.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
Competencias sociais e cívicas	Respecta e valora a todos os compañeiros e compañeiras por igual. Coopera e es solidario/a cos seus compañeiros e compañeiras. Practica el diálogo como medio de solución de conflito
Aprender a aprender	Se mostra satisfeito co aprendido. Obtén información para aprender. Expón como realiza las tarefas propostas. Expón solucións a actividades en grupo

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA ESTE CURSO

1. Coñecer e valorar o seu corpo e a actividade física coma un medio de exploración e disfrute das súas posibilidades motrices, de relación cos demais e como recurso para organizar o tempo libre

2. Adoptar hábitos de hixiene, de alimentación, de posturas e de exercicio físico que incidan positivamente sobre a saúde e a calidade da vida, manifestando unha actitude responsable cara o seu corpo e de respecto cara os demais.

3. Regular e dosificar o esforzo en función das súas posibilidades, utilizando como criterio fundamental de valoración, dito esforzo e non o resultado obtido.

4. Resolver problemas que esixan o dominio de patróns motrices básicos, valorando as súas propias posibilidades e adecuándose a estímulos perceptivos á vez que seleccionen os movementos.

5. Utilizar as súas capacidades físicas básicas e destreza motrices e o seu coñecemento da estrutura e funcionamento do corpo para a actividade física e para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.

6. Participar nos xogos e actividades establecendo relacións equilibradas e construtivas cos demais, evitando a discriminación por características persoais, sexuais, socias, así como os comportamentos agresivos e actitudes de rivalidade nas actividades competitivas.

7. Coñecer a diversidade das actividades físicas e deportivas participando na conservación do entorno no que se desenvolven.

8. Utilizar os recursos expresivos do seu corpo e do movemento para comunicar e comprender sensacións, ideas e estados de ánimo.

4.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS E DIDÁCTICOS XERAIS

4.1. Concepto

Son as distintas estratexias didácticas (principios metodolóxicos, agrupamentos, tempos, espazos e materiais, que se utilizarán ao longo da etapa), que definen as opcións relativas a como ensinar.

4.2. Criterios metodolóxicos

a) Avaliación inicial

→ Ao principio de cada tema realizaranse unha avaliación das habilidades físicas básicas que se traballen na unidade.
→ Teranse en conta os informes individuais e de grupo realizados polo mestre en anos anteriores.

b) Partir dos coñecementos previos

→ Partir dos coñecementos previos e intereses dos alumnos/as
→ Serve para detectar erros e utilizar estes como medio de aprendizaxe.
→ Realizarase por medio de xogos, exercicios, deportes, preguntas...

c) Aprendizaxe significativo e funcional

→ Potenciar a interacción cos elementos visuais e sonoros así como achegarse aos acontecementos e tradición artísticas como recurso didáctico para coñecer xogos tradicionais, deportes alternativos, etc.
→ Crear un clima de confianza e expresión libre
→ Amosar aos alumnos o que conseguiron aprender e o que se pode reforzar ou ampliar
→ Relacionar os contidos aprendidos cos que van a aprender (nunha mesma área e entre áreas)

d) Enfoque globalizador

→ Abrir fronteiras na decisión de centros de interese tomando opcións máis amplas en canto á delimitación de contidos.

e) Atención á diversidade

→ Coñecemento do alumno/a con informes de profesores anteriores, entrevistas e reunións titorías

→ Estudar as necesidades educativas especiais para favorecer o tipo de axudas máis axeitadas e expor actividades que permitan distintos niveis de desempeño

f) Actuación do profesor

→ Valorar o distinto ritmo de aprendizaxe de cada alumno.

→ Comunicar aos alumnos a súa situación e estratexias para pensar, razoar o motivarse a expresar as súa inquedanzas e gustos deportivos.

g) Actividade mental

→ Poténciase a motivación, esíxelle atención por parte do alumno, así como a participación do alumnado en procesos creativos.

h) Interacción entre iguais

→ Utilizar a formación de grupos flexibles e heteroxéneos con obxectivos e tarefas claras

i) Enfoque de actividades

→ Utilizar os aspectos lúdicos para desenvolver as capacidades motrices, intelectuais e psicolóxicas, así como fichas relacionadas co tema, así como reforzo e ampliación, introducindo a autoavaliación e a colaboración na co-avaliación.

j) Intelixencias múltiples

→ As tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a **Teoría das Intelixencias Múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesita para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

4.3- RECURSOS

4.3.1Recursos persoais.	**4.3.2 Recursos materiais**	**4.3.3 Recursos do entorno**	**4.3.4 Recursos organizativos**
→ A propia actuación. → Resto do equipo do grupo. →Especialistas en PT, AL, orientador, profesor/a de reforzo → Os propios alumnos/as. → As familias. → Profesionais oo voluntarios que van a participar, puntualmente, en algunha actividade: clubes deportivos, cross, etc.	→ Material funxible de uso escolar.. → Materiais de elaboración propia. → Uso de fichas de Educación Física e medios audiovisuais, youtube, → Pizarra dixital e portátil. → Ordenador para a realización de controis e actividades prácticas e información. → Fotocopiadora para elaboración de actividades de reforzo, ampliación, auto avaliación e avaliación. → Aula de Ed. Física.	→ Saídas a visitar o patrimonio cultural, así como a participar en actividades deportivas que se desenvolvan no pobo ou concello. Plan Xogade. → Saídas a pista que está detrás do cole.	**Tempo** → Reparto de unidades didácticas: 9 unidades didácticas repartidas ao longo dos 3 trimestres. → Horario da materia: 2 sesión de 50 minutos. → Supeditación á realidade temporal e práctica segundo os trimestres polas actividades de centro que se celebran e onde se preparan actividades deportivas **Espazos** **Na aula** As mesas están colocadas en forma de u para facilitar a visión da pizarra dixital Colocamos outra fila individual diante para que todos teñan perspectiva visual. **Na aula de Ed. Física** Polideportivo, onde se leva a cabo as sesión da materia **No patio**: Onde se atopan as pistas deportivas

4.4- TEMPORALIZACIÓN

1ª TRIMESTRES						
1 – ESQUEMA CORPORAL	Movementos globais	Movementos segmentais	Tono muscular	Actitude postural	Respiración	Exame práctico
	2 sesión	2 sesión	1 sesión	1 sesión	1 sesión	1 sesión
2- PERCEPCIÓN ESPACIAL	Relacións espaciais		Nocións topolóxicas			Exame práctico
	3 sesión		3 sesión			1 sesión
3- PERCEP. TEMPORAL - RITMO	Relacións temporais		Percepción temporal			
	2 sesión		2 sesión			1 sesión

2º TRIMESTRE						
4 – EQUILIBRIO	Estático	Dinámico	Axuste postural	Conciencia postural		Exame práctico
	3 sesión	3 sesión	1 sesión	1 sesións		1 sesión
5- DESPLAZAMIENTOS	Básicos	Habituais	Segundo o ritmo	Situacións xogadas		Exame práctico
	2 sesión	2 sesión	2 sesión	2 sesión		1 sesión
6- SALTOS	Fases	Concepto salto	Tipos de salto	Repaso		Exame práctico
	1 sesión	1 sesión	4 sesión	2 sesión		1 sesión
7 - XIROS	Formas	Eixo lonxitudinal	Eixo transversal	Eixo saxival	Suspensións	Exame práctico
	1 sesión	2 sesión	2 sesión	2 sesión	2 sesión	1 Sesión

3º TRIMESTRE						
4 – LANZAMENTOS, RECEPCIÓNS E GOLPEOS	- Coordinación óculo-pédica	- coordinación óculo-manual	lanzamentos	Recepcións	Golpeos	Exame práctico
	2 sesión	2 sesión	2 sesión	2 sesión	2 sesión	1 sesión
5- XOGOS TRADICIONAIS	Tradicionais	Populares	Cooperativos	De rua	Repaso	Exame práctico
	2 sesión	2 sesión	1 sesión	1 sesión	1 sesión	1 sesión
6- XOGOS ALTERNATIVOS	FREESBE		FLOORBALL		INDIAKAS	
	2 sesión		2 sesión		2 sesión	

5. AVALIACIÓN

5.1 Concepto

→É o medio (para alumnos e profesores) integrado na actividade educativa, que nos aporta unha información axustada do proceso ensinanza – aprendizaxe, a través da recollida sistemática de información, posibilitando o axeitado tratamento as diferentes situacións, necesidades e características dos nosos alumnos/as, baseándonos nuns criterios previamente establecidos

5.2 Avaliación do alumnado

5..2.1 Av. inicial

→ Proporciónanos información da situación do alumno/a ao comezo de calquera proceso ensinanza – aprendizaxe (Etapa, curso, unidade didáctica...)

→ Realización de probas prácticas ao principio de cada unidade didáctica, para ver o nivel que teñen os nenos nos conceptos a tratar.

Av. procesual

→Recolle a información do proceso de aprendizaxe e posibilita valorar, en función de este, os progresos e/ou dificultades dos nosos alumnos/as co fin de axustar as axudas pedagóxicas, proporcionando en cada momento a atención necesaria.

→Valoración do proceso (esforzo, comportamento, interese, cadernos elaborados polo alumno/a, actitude, participación e rigor nas tarefas...)

→Exames e controis prácticos (ver adquisición de obxectivos mínimos)

Av. final

- Observación directa do alumnado, con anotacións no diario de clase daqueles aspectos relevantes que considere.
- Probas específicas de condición física, realizadas periodicamente.
- Esforzo en cada actividade proposta.
- Comportamento xeral dando importancia ao feito de non interromper nin discutir, ao coidado do material e ao uso de medidas para evitar riscos na práctica deportiva.
- Asistencia a clase co material necesario.
- Demostrar as suficientes habilidades sociais para evitar conflitos, aceptar derrotas e favorecer a convivencia.

5.2.2.Instrumentos de avaliación e de rexistro

Os instrumentos de avaliación serán: probas prácticas, observación diaria, traballo diario, actitude do alumno/a,

5.2.3 Criterios de calificación.

1. Supervisión do quecemento.
2. Observación directa das actividades para realizar diariamente con anotacións de progresos adquiridos.
3. Control do material: roupa adecuada, zapatillas, toalla e xabón.
4. Grao de esforzo en cada sesión.
5. Progresión adecuada dos descriptores das correspondentes Competencias Básicas.
6. Valoración positiva en comportamento.
7. Valoración positiva á resolución de conflitos e a axuda a compañeiros e compañeiras.
8. Se algún alumno/a, por motivos de saúde, debe pasar un tempo considerable sen realizar actividade física, substituirase a práctica por un traballo teórico.
9. A valoración final sería a seguinte: (45%) consecución de obxectivos propios de cada unidade didáctica; (55%) valoración positiva do desenvolvemento das Competencias Básicas

→ Informativa: informarase á familia dos criterios de calificación obtidos

→ Terase en conta, á hora de avaliar tres escenarios posibles:

Presencial:

- Práctica: 60% da nota (probas físicas 20%, 80% esforzo e traballo diario).
- Rendimiento del alumno 40%.

Para recuperar aos alumnos/as realizaranse distintas actividades:

→ Repetición de actividades que reforcen os obxectivos mínimos.

→ Recuperación de exames prácticos.

→ Mandar traballos complementarios.

Para recuperar avaliacións suspensas, ao ser unha valoración continua do traballo, poderá superalas co aprobado nas sucesivas avaliacións e demostrando un cambio positivo nos aspectos avaliables.

5.2.4. Criterios de promoción

→ *Informe de promoción tendo en conta estes aspectos*:O alumno individualmente e respecto ao grupo; Obxectivos do curso (informe); Responsable da decisión (titor). Oíndo a todas as partes: especialistas, orientación e familia.

1. O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos da etapa ou os que correspondan ao curso realizado, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que establezan as Administracións educativas.A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras haber esgotado o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para solucionar as dificultades de aprendizaxe do alumno.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.
Atenderáse especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de sexto curso de Educación Primaria.

5.3 Avaliación do proceso de ensinanza

→ Será continua e apoiará na propia observación, en conversacións co resto do profesorado, nun cuestionario de auto avaliación...

→Avaliarase:

- Programacións e unidades didácticas.
- Intervención do profesor/a
- Recursos utilizados
- Criterios e instrumentos de avaliación.
- Coordinación entre os docentes.
- Coherencia entre os cursos.
- Adecuación dos obxectivos e contidos á idade dos nenos/as.
- Tratamento correcto dos valores.
- Regularidade e calidade na relación coas familias.
- Aplicación correcta da metodoloxía.
- Proposta clara das tarefas.
- Organización do espazo e do tempo axeitada ás características dos alumnos/as e das actividades.
- Relación cos alumnos/as.

→ Este proceso terá unha dobre avaliación:

- Avaliación interna: a través da xefatura de estudos e orientación con intervención do claustro.

- Avaliación externa: intervención da inspección

5.4 -Avaliación da propia tarefa docente

→ A premisa principal para esta Avaliación será la auto-observación y la reflexión crítica
→ Teranse en conta diferentes aspectos:

- Se intercambiei opinións cos compañeiros/as de curso.
- Se adoptei un papel directivo u orientador.
- Se partín dos contidos previos.
- Se promovín unha aprendizaxe significativo
- Se logrei unha adecuada distribución espacial y temporal.
- Se creei un clima de afecto e confianza
– Se tiven presentes as canles de participación familiar.

6. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1- **ESQUEMA CORPORAL**				
CONTiDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Esquema corporal: movementos globais e segmentarios - Tono muscular. - Actitude postural (fortalecemento da musculatura) - Respiración e relaxación.	- recoñecer as partes do propio corpo e do dos demais e as nocións espazo- temporais.	- Recoñece a dereita e esquerda en sí mesmo e noutro compañeiro. - É capaz de contraer e relaxar diferentes segmentos corporais. - Sitúa un obxeto a dereita/esquerda de otro obxeto. -	- Recoñece os dous tipos de respiración. - Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural - Colócase a esquerda –dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento - Colócase a esquerda –dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en parado	- Actividades que impliquen recoñecemento de dereita e esquerda ensí mesmo e en relación cos outros. - Exercicios para vivenciar a correcta actitude postural, comezando polo coñecemento, concienciación e a continuación realizando exercicios de flexibilidade e desenvolvemento uscular (elasticidad, fortalecemento) - Actividades que impliquen disociacións segmentarias en diferentes posturas e accións, combinando membros superiores e inferiores. - Exercicios de flexibilidade e elasticidade. - Actividades de relaxación global e segmentaria utilizando sensacións de pesadez/ligereza, frío/calor, etc. - Actividades para vivenciar a respiración tras distintos exercicios. - mobilidade articular.

2- **PERCECIÓN ESPACIAL**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
• Relacións espacias: sentido, dirección, orientación, dimensións, volumenes, etc • Nocións topológicas: dentro-fora, arriba-abaixo. Diante-atrás.	Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	- Dominar os conceptos espaciais - Desparazarse polo espazo de forma autónoma, adaptándose a cambios circmnstanciais.	- Sitúase correctamente respeto a obxetos: dentro-fora, arriba-abaixo, diante-atrás. - Colócase a dereita e esquerda dun compañeiro. - Colócase a dereita e esquerda dun obxeto. - Verbaliza correctamente nocións espaciais. - Desprázase establecendo relacións espaciais en función de estímulos externos. - Ten capacidade para adaptarse en movemento a diferentes entornos. - Respeta a normas dun xogo en equipo. - Interpreta e reproduce sinxelos planos.	- Realización de actividades e xogosque impliquen agrupacións e dispersións. - Realización de xogos de persecucións en diferentes espazos, con variados obstáculos. - Actividades que impliquen seguir e representar trayectorias. - Realizar xogos que impliquen desprazamento entre obstáculos fixos. - Realización de todo tipo de actividades e formas xogadas que impliquen o uso de unha ou varias nocións topolóxicas.

3- **PERCEPCIÓN TEMPORAL - RITMO**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Relacións temporais e espaciais. - percepción temporal e ritmos.	Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	- Percibe e manifesta diferentes tipos de ritmos co seu corpo	- E capaz de seguir o ritmo binario co seu corpo e voz. - É capaz de moverse seguindo un ritmo. - Percibe o movemento ritmico e adáptase a el. - É capaz de seguir o ritmo das cancións de pasacalles. - Coordina rítmicamente os movementos de unha danza sinxela. -	– Xogos da comba: execución de saltos repetidos e rítmicos. – Xogos de psacalles. – Bailes. – Adaptacións dos seus movementosos de outros compañeiros. – Realización de tareas que impliquen distintas intensidades de movemento. – Xogos de similación asociados a frases ritmicas. – Xogos de coordinación de máns seguindo unha letra e un ritmo. -
4- **EQUILIBRIO**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Equilibrio estático e dinámico. - Función de axuste postural. - Aspectos propioceptivos, conciencia postural.	Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	- Equilibrase despois dunhas acción. - Permanece equilibrado sobre unha perna sobre unha superficie elevada. - Soluciona problemas de equilibrio sobre distintas bases de sustentación.	- E capaz de equilibrarse despois de correr, xirar, saltar dende unha altura, etc. - E capaz de permanecer en equilibrio sobre calquera das dúas pernas sobre unha superficie elevada . - Mantén o equilibrio sobre distintos bases de sustentación, coma pode ser una superficie dura, branda, ou esponxosa	- Actividades que impliquen o mantemento do equilibrio estático. - Xogos que impliquen equilibrios dinámicos en distintos planos e superficies. - Xogos de accións de oposición e loita con obxectivo de desequilibrar ao compañeiro. - Actividades que impliquen carreiras e saltos de pequenos obstáculos con equilibrio despois da caída. - Accións de equilibrio e desequilibrio con obxatos.

5- **DESPRAZAMENTOS**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Desprazamentos básicos: marcha, carreira, cuadrupedia, tripedia, etc.. - Desprazamentos habituais e non habituais. - Realizar desprazamentos a distintos ritmos. - Prácticas de situacións xogadas, donde varíe a forma de desprazamento.	Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo – temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais, seleccionando e combinando habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	- Executa son soltura diversos desprazamentos. - Realiza unha variedade de desprazamentos coordinando brazos e pernas. - Colabora na preparación de circuítos. - Coordina os desprazamentos en grupo. - Desenvolvese con soltura nos xogos motores.	- Realizar desprazamentos con diferentes materiais. - Desprazarse por un circuíto de obstáculos. - Formas de relevos con distintos tipos de desprazamentos. - Execución de novas formas de desprazamentos. - Exercicios de adaptación de desprazamento o medio.
6- **SALTOS**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- As frases do salto:, impulso,voo e caída - Diferentes tipos de saltos: dirección, tipos de apoio. - Tipos de salto: salto de altura, de lonxitude, saltos con desprazamento e sen desprazamento.	Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo – temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais, seleccionando e combinando habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	- Salta coordinadamente en función das tarefas a realizar. - Desprázase saltando obstáculos. - Realiza saltos dende unha altura, executando accións co seu corpo, durante o salto. - Desprázase saltando sobre un pé. - Desprázase saltando cos pés xuntos.	- Propostas por parte do alumnado para saltar con un u dos pés de forma sucesiva, cambiando a dirección, en distintos tipos de apoio, etc.. - Carreiras con saltos sobre obxectos inmóbiles. - Salto sobre obxectos móbiles. - Correr e saltar en lonxitude. - Correr e saltar a, e desde, unha altura. - Práctica de situacións de salto xa coñecidas, variando toda a gama de impulsos e caídas. - Realización de carreiras e circuítos de obstáculos con acciones diferentes en cada obstáculo, de forma libre e acordada.

7- **XIROS**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Os xiros como forma e posibilidade de movemento. - Xiros sobre o eixo lonxitudinal: rodar e xirar. - Xiros sobre o eixo transversal: volteretas cara adiante e atrás. - Xiros sobre o eixo saxital: roda lateral. - Suspensións e xiros.	Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo – temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais, seleccionando e combinando habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	- É capaz de saltar executando con precisión un xiro de 180º. - É capaz de xirar 360º suspendido na espaldeira. - Realiza correctamente desprazamentos e saltos con xiros sobre o eixo lonxitudinal. - Realiza con seguridade a voltereta adiante. - Realiza a voltereta cara atrás nun plano inclinado. - Coordina a carreira coa voltereta cara adiante. - Realiza a voltereta suspendido nunha barra horizontal. -	- Exercicios e xogos de rodar. - Combinar desprazamentos e saltos con diferentes xiros sobre o eixo lonxitudinal - Realización de volteretas adiante dende o planos inclinados, dende a horizontal sen carreira, con carreira. - Realización de volteretas atrás nun plano inclinado. - Realización de balanceos suspendidos dunha barra. - Xiros por riba de obstáculos con apoio de mans. - Carreiras de relevos con diferentes xiros. - ...
8- **LANZAMENTOS, RECEPCIÓNS E GOLPEOS**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Coordinación óculo-pédica - coordinación óculo-manual - lanzamentos. - Recepcións. - Golpeos de móbiles. - Percepción espacial. - Percepción espazo-temporal. - Lateralidade (afirmación).	Realizar lanzamentos e recepcións e outras habilidades que impliquen manexo de obxectos, con coordinación dos segmentos corporais e situando o corpo de forma apropiada.	- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais, seleccionando e combinando habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	- Lanza e recepciona unha pelota con seguridade. - Lanza con precisión a dar un obxecto estático. - Realiza pases adecuadamente. - É capaz de interceptar un balón. - É capaz de lanzar e recibir un balón. - Conduce un balón con pés. - Lanza e para un balón cos pés.	- Manipulacións con todo tipo de obxectos. - Actividades de lanzamentos e recepcións con ambas mans e ambos pés. - Xogos de lanzamento con precisión. - Actividades de golpeos de móbiles. - Execución de lanzamentos o recepcións dende distintas posicións. - Execución de lanzamentos e paradas do balón co pé. - Actividades de bote do balón en situacións de xogo.

9- **XOGOS POPULARES**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Xogos tradicionais. - Xogos populares. - Xogos cooperativos - Xogos de rua.	Simbolizar personaxes e situacions mediante o corpo e o moeimento con desinhibición e soltura na actividade.	- Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia. - Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas	- Coñece e practica os xogos populares. - Participa activamente na investigación e práctica dos xogos populares. - Colabora cos compañeiros en busca de unha estratexia común. - Disfruta xogando. Sabe perder e gañar. - Coñece e respecta as normas dos xogos.	- Reconverter xogos competitivos en cooperativos. - Practicar xogos populares. - Actividades de investigación polos alumnos sobre os xogos da nosa rexión. - Realizar a semana dos xogos no recreo. - Crera varios circuítos de xogos no patio. - Confeccionar fichas de xogos tradicionais. - Recopilar información sobre os xogos tradicionais practicados polos nosos pais e avós.

10- **XOGOS PREDEPORTIVOS**				
CONTENIDOS	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRIPTORES	INDICADORES DE LOGRO
- Coñecemento e uso adecuado do medio natural: patio e entorno cércano. - Xogos tradicionais de patio, de rúa, etc.. - Adaptación do medio: xogos adaptados o medio natural.	Participar e gozar en xogos axustando a súa actuación, tanto no que se refire a aspectos motores como a aspectos de relación cos compañeiros e compañeiras.	- Recoñecer tácticas elementais so xogos aplicando regras en situacións de cooperación e de oposición.	- Colabora activamente na organización e realización de actividades no medio natural. - Valora e controla os factores de risco. - Mostra interese por o coñecemento e a práctica de xogos tradicionais. - Cumpre as normas de seguridade durante as marchas. - Respecta e coida a natureza. - Desenvolvese con soltura no medio natural. - É capaz de seguir sinxelas pistas e oriéntase.	- Marchas cortas. - Practicar xogos coñecidos adaptados a patio. - Xogos tradicionais - Xogos de cooperación no medio. - Utilizar os recreos para xogos tradicionais. - Realizar o día do xogo. - Recopilar xogos dos avós. - Confeccionar material para os xogos.

7. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

5.5.1 Concepto

→Ao abeiro do establecido nos artigos 9.1 e 9.6 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para iso estableceranse mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderanse considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

→ A atención a diversidade é a resposta real do centro escolar á diversidade en canto a capacidade intelectual, intereses, estilo de aprendizaxe... manifestada polos nosos alumnos, o que require ineludiblemente de intencións educativas diferenciadas.

→ Docentes especialistas: orientación, ; PT e AL.

5.5.2 Medidas específicas

As principais medidas adoptadas para o alumnado con necesidades educativas específicas ou atraso madurativo, serán as seguintes (sempre baixo a condición de non exclusión do grupo de referencia):

- Valorar o traballo individual e o esforzo persoal na consecución de obxectivos.

- Aplicar a colaboración entre iguais naquelas actividades que presenten maior dificultade.

- Adaptar os obxectivos e os criterios de avaliación ás características do alumnado.

- En caso de maior dificultade para a consecución de obxectivos, procederase á adaptación curricular.

Para o alumnado exento, por cuestións graves previo informe médico, traballarase da seguinte forma:
- Seguimento completo das sesións como espectador.
- Axuda á hora de realizar o seguimento do quecemento e estiramentos.
- Participar en actividades noutros espazos e con outros recursos.
- Valorar a súa exención posibilitando o maior número de experiencias.

<table>
<tr><td colspan="3">8. ELEMENTOS TRANSVERSAIS (De acordo co artigo 10 do Real Decreto 126/2014, en todas as áreas curriculares trataranse os seguintes elementos transversais)</td></tr>
